PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
04 MAI. 2017
Núm. 8615

A Comisión do Estatuto dos Deputados, na súa sesión do día 2 de maio de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Ditame de compatibilidade

- 8105 (10/DACT-000096)
Chao Pérez, Luca

— Doc. núm. 8105, da deputada Dª. Luca Chao Pérez, sobre declaración modificativa de actividades.

Logo do traslado pola Mesa do Parlamento na reunión do 24 de abril de 2017, examínase a declaración modificativa de actividades da deputada Dª. Luca Chao Pérez, no sentido de manifestar que desexa compatibilizar o cargo de deputada do Parlamento de Galicia coa actividade de traballadora autónoma na empresa familiar Laconlover, con efectos desde o pasado 1 de maio (doc. núm. 8105, do 19 de abril de 2017).

A Comisión do Estatuto dos Deputados adopta o seguinte ACORDO:

1.º Tomar coñecemento da referida declaración.

2.º Que a deputada Dª. Luca Chao Pérez, en virtude da compatibilidade solicitada, só terá dereito a pecibir as indemnizacións e axudas de custo establecidas regulamentariamente con efectos desde o 1 de maio de 2017.

3.º Comunicar este acordo á Mesa do Parlamento de Galicia para os efectos da publicación desta declaración modificativa de actividades no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no Portal de transparencia da Cámara.

4.º Comunicar este acordo á deputada e a Intervención e Asuntos Económicos.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017

Pedro Puy Fraga
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 04/05/2017 11:50:07

Mesa do Parlamento